


DOCUMENTO INFORMES DE CONTABILIDAD: CIRCULAR PECHE DE INGRESOS 2020	IDENTIFICADORES	
OTROS DATOS Código para validación: <b>06ZYB-0D5OB-M26CC</b> Fecha de emisión: <b>9 de octubre de 2020 a las 14:31:18</b> Página 1 de 4	FIRMAS El documento ha sido firmado o aprobado por : 1.- Presidente de DEPUTACIÓN DA CORUÑA.Firmado 09/10/2020 11:28	ESTADO <b>FIRMADO</b> 09/10/2020 11:28



**CIRCULAR ANO 2020**

**ASUNTO:** Peche exercicio contable 2020. INGRESOS.

**DESTINATARIOS:** CENTROS XESTORES DE INGRESOS

**INTRODUCCIÓN**

Estando próximo o peche do exercicio orzamentario 2020, procede ditar as normas que rexerán as distintas actuacións dos responsables dos servizos, centros e dependencias desta Deputación Provincial, en relación coa tramitación de ingresos en xeral.

Polo que, a proposta do Interventor Xeral e do Tesoureiro Provincial, dítanse as seguintes:

**NORMAS REGULADORAS**

**1. COMPROMISOS DE INGRESO E LIQUIDACIÓNS:**

- 1.1. Os expedientes relativos aos IDE de cargos correspondentes a liquidacións de dereitos xestionados polos Servizos de Xestión e Inspección tributaria e Recadación, tanto de Recursos Propios como de Recursos doutros Entes Públicos, aprobados durante o exercicio pendentes de envío, terán como data límite de entrada no Servizo de Fiscalización o día 14 de Decembro.


Os Servizos de Contabilidade e Fiscalización procederán de forma simultánea á súa comprobación e fiscalización antes do 18 de decembro

O Servizo de Contabilidade procederá á contabilización de todos os ficheiros IDE de cargos como data límite o 22 de decembro.

No caso de que os ficheiros presenten incidencias que impidan a súa contabilización, o Servizo de Contabilidade deberá indicarllo ao responsable da área Tributaria dentro do mesmo prazo.

- 1.2. Aqueles expedientes mencionados no punto 1.1 que dentro dos prazos sinalados non resulten conformes no proceso de fiscalización ou de contabilización, deberán ser obxecto da oportuna conciliación coa Conta de Recadación do exercicio 2020, sen prexuízo de que unha vez emendado o problema poidan ser obxecto de imputación ao exercicio seguinte.

DOCUMENTO INFORMES DE CONTABILIDAD: CIRCULAR PECHE DE INGRESOS 2020	IDENTIFICADORES	
OTROS DATOS Código para validación: <b>06ZYB-0D50B-M26CC</b> Fecha de emisión: <b>9 de octubre de 2020 a las 14:31:18</b> Página 2 de 4	FIRMAS El documento ha sido firmado o aprobado por : 1.- Presidente de DEPUTACIÓN DA CORUÑA.Firmado 09/10/2020 11:28	ESTADO <b>FIRMADO</b> 09/10/2020 11:28



Este es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1238188-06ZYB-0D50B-M26CC-52819D81414291415E0BD455C0ED86AA018639DA) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

**1.3.** As operacións (tanto positivas como negativas) relativas a Compromisos de Ingresos e Recoñecemento de Dereitos de Transferencias ou Subvencións e Pasivos financeiros que financien obras dos distintos Plans da Deputación, remitiranse polo Servizo de Fiscalización ao de Contabilidade ata o día 14 de Decembro.

**1.4.** O mesmo prazo indicado no apartado anterior aplicarase para o recoñecemento de dereitos ou cobranza de contraído simultáneo do concepto 68000 "Reintegro de investimentos de exercicios pechados".

**2. ANULACIÓNS DE DEREITOS:**

**2.1.** Os expedientes relativos aos IDE de baixas correspondentes a liquidacións de dereitos xestionados polos Servizos de Xestión e Inspección tributaria e Recadación, tanto de Recursos Propios como de Recursos doutros Entes Públicos, aprobados durante o exercicio e pendentes de envío, terán como data límite de entrada no Servizo de Fiscalización o día 18 de Decembro.

Os Servizos de Contabilidade e Fiscalización procederán de forma simultánea á súa comprobación e fiscalización ata o 23 de decembro.

O Servizo de Contabilidade procederá á contabilización de todos os ficheiros IDE de baixas como data límite o 29 de decembro.

No caso de que os ficheiros presenten incidencias que impidan a súa contabilización, o Servizo de Contabilidade deberá indicarllo á responsable da área Tributaria dentro do mesmo prazo.


**2.2.** Aquelas baixas ou anulacións de dereitos mencionadas no punto **2.1** que dentro do prazo sinalado non resulten conformes no proceso de Fiscalización ou de Contabilización, deberán ser obxecto da oportuna conciliación coa Conta de Recadación do exercicio 2020, sen prexuízo de que unha vez emendado o problema poidan ser obxecto de imputación ao exercicio seguinte.

**3. INGRESOS:**

**3.1.** Os ingresos semanais recibidos nas distintas contas da Deputación correspondentes ao mes de Decembro, excepto os xestionados polo Servizo de Recadación, tramitaranse da seguinte maneira:

- a) Aos ingresados ata o 13 de Decembro daráselles aplicación contable como máximo ata o 28 de Decembro. Para os efectos, o informe do Servizo de Recadación sobre os ingresos en contas operativas así como a listaxe dos ingresos bancarios remitidos polo Servizo de Contabilidade, deberán ter entrada en Fiscalización como máximo o día 18, para que este servizo envíe o seu informe ao Servizo de Contabilidade con data límite o 23 de decembro.

DOCUMENTO INFORMES DE CONTABILIDAD: CIRCULAR PECHE DE INGRESOS 2020	IDENTIFICADORES	
OTROS DATOS Código para validación: <b>06ZYB-0D5OB-M26CC</b> Fecha de emisión: <b>9 de octubre de 2020 a las 14:31:18</b> Página 3 de 4	FIRMAS El documento ha sido firmado o aprobado por : 1.- Presidente de DEPUTACIÓN DA CORUÑA.Firmado 09/10/2020 11:28	ESTADO <b>FIRMADO</b> 09/10/2020 11:28



Este es una copia impresa del documento electrónico. (Ref: 1238188 06ZYB-0D5OB-M26CC 52819D81414291415E0BD455C0ED86AA018639DA) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

b) Os ingresados entre os días 14 ao 31 quedarán sen aplicar ata o 2021.

**3.2.** A formalización dos ingresos xestionados polo Servizo de Recadación que se queiran imputar ao exercicio 2020, deberán ter entrada como data límite no Servizo de Contabilidade:

- O 18 de decembro para os traspasados ata o 13 de decembro.
- O 23 para os traspasados do 14 de decembro en diante.

Para iso, deberá remitirse o ficheiro IDE correspondente, acompañado da listaxe xustificativa.

O Servizo de Contabilidade procederá á contabilización de todos os ficheiros IDE de cobranzas como data límite o 29 de decembro. No caso de que os ficheiros presenten incidencias que impidan a súa contabilización, o Servizo de Contabilidade deberá indicarllo á responsable da área Tributaria dentro do mesmo prazo.

Todos aqueles ficheiros IDE de cobranzas con incidencias que non se rectifiquen pola área Tributaria dentro do prazo indicado anteriormente non poderán figurar na Conta de Recadación do exercicio 2020, sen prexuízo de que unha vez emendadas as incidencias poidan ser obxecto de imputación ao exercicio seguinte.

**3.3.** Ao obxecto de que ao 31 de decembro non queden ingresos pendentes de aplicación definitiva, xa sexa porque se lles deu unha aplicación provisional, ou porque figuran en contas bancarias pendentes do seu ingreso contable, deberanse realizar as seguintes actuacións:

- a) Antes do 11 de decembro o Servizo de Fiscalización deberá remitir informe para a aplicación definitiva de todas as cobranzas que ao 4 de decembro figuren pendentes de aplicar.
- b) O Servizo de Recadación deberá propoñer antes do 1 de decembro a formalización ao concepto 39999 “Outros ingresos diversos” daquelas cobranzas que figuren en contas operativas de recadación dos que descoñece a súa orixe e, por tanto, non pode incluír en ningún IDE de ingresos para a súa aplicación a valores da área tributaria.
- c) Os servizos que xestionen contas restrinxidas deberán axilizar durante o mes de decembro os traspasos que teñan pendentes de realizar ás contas operativas.

#### **4. DEVOLUCIÓNS INGRESOS INDEBIDOS, COBRANZAS DUPLICADAS E COMPENSACIÓNS**

**4.1.** Os expedientes relativos aos IDE de devolucións de ingresos correspondentes a liquidacións de dereitos xestionados polos Servizos de Xestión e Inspección tributaria e Recadación, tanto de Recursos Propios como de Recursos doutros Entes

DOCUMENTO INFORMES DE CONTABILIDAD: CIRCULAR PECHE DE INGRESOS 2020	IDENTIFICADORES
OTROS DATOS Código para validación: <b>06ZYB-0D5OB-M26CC</b> Fecha de emisión: <b>9 de octubre de 2020 a las 14:31:18</b> Página 4 de 4	FIRMAS El documento ha sido firmado o aprobado por : 1.- Presidente de DEPUTACIÓN DA CORUÑA.Firmado 09/10/2020 11:28

ESTADO  
**FIRMADO**  
09/10/2020 11:28



Este es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1238188 06ZYB-0D5OB-M26CC 52819D8141291415E0BD455C0ED86AA018639DA) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Públicos, aprobados durante o exercicio pendentes de envío, terán como data límite de entrada na Area de Intervención o día 14 de decembro.

Os Servizos de Contabilidade e Fiscalización procederán de forma simultánea á súa comprobación e fiscalización antes do 18 de decembro.

**4.2.** O Servizo de Contabilidade procederá á contabilización de todos os ficheiros IDE de devolucións como data límite o 23 de decembro.

**4.3.** Os expedientes de pago por devolución de ingresos, cobranzas duplicadas e compensacións que se reciban no Servizo de Contabilidade e que non poidan ser tramitados antes do 23 de decembro, contabilizaranse prioritariamente a partir do 1 de xaneiro do exercicio seguinte.

**5. INFORMACIÓN A ACHEGAR:**

No referente aos Aprazamentos e Fraccionamentos de Recursos propios, o Servizo de Recadación deberá achegar antes do 21 de decembro información tanto dos aprazamentos e fraccionamentos aprobados durante o exercicio 2020 coma os vixentes dos exercicios anteriores.

**6. CONSIDERACIÓNS FINAIS:**

As datas contempladas nesta circular referiranse sempre a data de entrada e de saída do expediente SUBTEL no servizo de destino.

Da correcta interpretación e do estricto cumprimento destas normas por parte de todas as dependencias e persoas implicadas no proceso, dependerá a eficacia do peche do exercicio 2020 e a apertura do exercicio 2021, evitando descuadres entre as Contas de Recadación e os libros de Contabilidade desta Deputación, posibilitando así unha pronta rendición das contas e liquidacións a practicar aos Entes Públicos usuarios dos Servizos de Xestión e Recadación Provinciais.

**7. COMUNICACIÓN.**

Das presentes normas darase traslado a todos as Unidades Xestoras implicadas, para o seu coñecemento e aplicación.